

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Cedeira (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Cedeira (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Coristanco (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Culleredo (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Culleredo (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Láncara (Lugo)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Láncara (Lugo)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Nogueira de Ramuín (Ourense)
- Decreto polo que se aproba o escudo da entidade local menor de Chenlo (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba a bandeira da entidade local menor de Chenlo (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba o escudo da mancomunidade de municipios da comarca de Ordes (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira da Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes (A Coruña)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas anciáns e enfermas incapacitadas para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e a favor das persoas con minusvalía beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara a zona de especial protección para as aves da Limia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Val do Dubra, para a execución da obra de saneamento e abastecemento A Igrexa-Rieiro-Campo de Carlexo (Rial), por importe de trescentos vinte e tres mil trescentos oitenta e cinco euros con noventa e oito céntimos (323.385,98 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Lousame para a mellora de estradas no concello, por importe de un millón trescentos mil euros (1.300.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda nº 2 ao Convenio de Colaboración suscrito entre as extintas consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Consellería de Vivenda e Solo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dez millóns seiscientos setenta mil cento sesenta e nove euros con noventa e cinco céntimos de euro

(10.670.169,95 €) correspondente á obra: "Acondicionamento das estradas PO-255. Treito: Pontecaldelas - PO-250 (Forzáns) e PO-241. Treito Caritel – A Lama"

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Moaña e se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras: "Ampliación do abastecemento ao Morrazo desde Vigo (Pontevedra)", clave OH.236.697, por importe de sete millóns trescentos vinte e sete mil novecentos un euros e sesenta e dous céntimos (7.327.901,62 €)
- Acordo polo que se autoriza a resolución, por mutuo acordo, do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación da vía de alta capacidade Carballo-Berdoias, de clave AC/06/140.01

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico denominado *Fontesilva* (concellos de Santa Comba e Coristanco), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da XIX edición do *Máster de Dirección e Xestión do Comercio Exterior*, por un importe de oitenta e seis mil euros (86.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, *Alúmina Española, SA e Aluminio Español, SA.*, para dotar de infraestrutura gasista o autoabastecemento da planta por un importe de un millóns de euros (1.000.000,00 €)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para a realización de actividades en materia de normalización lingüística nas entidades locais de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Asociacións de Apoio á

Lactación Materna (Fedegalma), para protexer, promover e apoiar a lactación materna, por un importe de oitenta mil euros (80.000,00 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e a Consellería de Cultura e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia, para a achega e distribución de crédito para a mellora das bibliotecas públicas, por importe de un millón douscentos mil euros (1.200.000,00 €)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a realización da II edición do Máster en creación, dirección e innovación na empresa para o curso económico 2009-2010
- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% no momento da concesión, na Orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio 2009, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de accións de apoio e acompañamento á formación e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento e polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería do Mar, dunha axuda económica de tres millóns cincocentos tres mil douscentos cincuenta euros con cincuenta e nove céntimos (3.503.250,59 €) a *Galician Marine Aquaculture, S.L.*, (CIF: B-15860679), para a execución do proxecto: "Construción granxa e criadeiro de abalón ou orella de mar no lugar da Piela, Tal de Abaixo. Muros – A Coruña"
- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería do Mar, dunha axuda económica de tres millóns novecientos cincuenta e seis mil catrocentos oitenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (3.956.488,82 €) a *Biomega Nutrición, S.L.* (CIF: B-91397315), para a execución do proxecto: "Nova planta de produción

de omega-3 por nova técnica de frío”, que se realizará nas instalacións da empresa en Boiro (A Coruña)

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Vigo, polo que se regulan as condicións nas que se lle concede unha subvención directa para a realización, durante os anos 2009 e 2010, do *Master universitario en economía, avaliación e xestión do medio mariño e dos recursos pesqueiros*, por un importe de vinte mil euros (20.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, polo que se regulan as condicións nas que se lle concede unha subvención directa para a realización, durante os anos 2009 e 2010, do *II Master oficial interuniversitario en acuicultura*, por un importe de trinta mil euros (30.000,00 €)

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a prórroga do plan de drogas en Galicia
- Informe sobre o plan funcional do novo hospital de Pontevedra

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe de convenios de patrocinio publicitario que se realizará pola Xunta de Galicia no 2010 con compañías aéreas; programa de promoción turística en orixe e plan de promoción de novas rutas.

O CONSELLO APROBA AS BANDEIRAS E ESCUDOS OFICIAIS DE CHENLO, LÁNCARA, CULLEREDO, CEDEIRA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES

- *Tamén se aprobaron as bandeiras dos concellos de Coristanco e Nogueira de Ramuín*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais das bandeiras e escudos dos concellos de Láncara, Culleredo, Cedeira, da entidade menor de Chenlo e da Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes. Tamén se aprobaron as bandeiras dos concellos de Coristanco e Nogueira de Ramuín.

Deste xeito, a bandeira de Chenlo (Pontevedra) está organizada en pano de sinople -verde-, encaixada de prata na metade de arriba cun dentado alto entre outros dous baixos; no terzo vertical do centro represéntase un piñeiro ao natural coa súa copa no encaixado.

O escudo da entidade menor é en campo de sinople -verde- cun encaixado de prata dun dentado alto entre dous baixos; e o mesmo piñeiro explicado coa súa copa no encaixado. Nesta ocasión, á arbore acompañana dúas cabras prateadas empinadas ao seu tronco. O borde, de azur -azul- ten oito bezantes de prata cargadas dun punto de azur. Ao timbre, coroa real pechada.

O encaixado representa a orografía circundante dominada polos montes do Galiñeiro con alturas que oscilan entre os 403 e os 648 metros. O piñeiro representa a súa actual riqueza forestal e a cor verde simboliza a natureza e o contorno rural; o rectángulo alude, con acerto, á orixe do topónimo parlante "Chenlo", derivado do latín "planellu", diminutivo de "planu", pequena planicie.

Concello de Culleredo

Pola súa banda, a bandeira do concello de Culleredo (A Coruña), componse dun pano azul cun rectángulo branco no centro cunha ponte de tres ollos a dúas augas e en amarelo. Esta, mazonada e perfilada de negro, aséntase sobre ondas de azul e branco e ten unha cruz patada de vermello acompañada a cada lado dunha vieira branca perfilada de azul.

No escudo do concello, en campo de prata, hai unha ponte de tres ollos a dúas augas de ouro mazonado e perfilado de sable -negro- sobre ondas de azul e prata. Enriba desta ponte, unha cruz patada de gules -vermello- cunha vieira prateada e perfilada de azul a cada lado. Ao timbre, coroa real pechada.

A ponte representa á medieval existente sobre a ría do Burgo; a cruz simboliza a encomenda e a baillía que a Orde do Temple posuía neste contorno; o pano de azul e as vieiras aluden á Ruta Xacobeá que no s u camiño inglés atravesa o municipio.

Concello de Láncara

A bandeira de Láncara (Lugo) está partida en onda a un terzo da hasta -lado esquerdo-. O lado esquerdo, é azul e ten unha torre branca aberta; a parte dereita, de cor branca, alberga unha cruz flordelisada de vermello con cinco vieiras brancas no seu interior. Máis a súa dereita, un carballo verde cun lebreiro negro resaltado a atado ao seu tronco.

O escudo, en campo de azul, representa unha ponte de tres arcos de prata, mazonada de sabre, sobre ondas de prata e azul; e unha torre de prata aberta e franqueada por cruces flordelisadas como as da bandeira a cada lado. Abaixo, mantelado de prata en punta cargado dun carballo de verde co seu tronco resaltado dun lebreiro negro atado a el, e con coroa real ao timbre.

Nesta bandeira e escudo, as ondas representan o río Neira, a ponte alude á ponte romana de Carracedo; as cruces flordelisadas inclúense en honor á linaxe dos Ribadeneira, señores durante anos do coto de Oleiros na parroquia de San Martiño de Oleiros. A árbore reslatada do lebel lembra á linaxe Quiroga, antigos señores da casa grande da Pobra de San Xiao; e a torre simboliza as armas da linaxe dos Suárez de Deza, señores do Pazo de Láncara.

Concello de Cedeira

No que respecta ao Concello de Cedeira, a súa bandeira, en pano amarelo, presenta unha banda diagonal verde, acompañada abaixo, no terzo da hasta, de tres rochas negras e dúas ortigas de sete follas cada unha; na parte alta, á dereita da bandeira, unha cruz patada de vermello. O seu escudo, organízase en dúas metades: á esquerda, de cor verde, ten unha banda de ouro engolada de dragantes e linguada en vermello; o borde é de ouro, cunha cruz patada vermella no cantón de honor e a lenda "Ave María Gratia Plena". Á parte da dereita, en campo de ouro, presenta as tres rochas e ortigas da bandeira, esta vez sobre ondas de prata e azur. Ao tiembre, coroa real pechada.

Atendendo á simboloxía destes símbolos heráldicos, a banda e a cruz representan as armas dos Andrade, antigos señores medievais de Cedeira desde o século XIV; e as rochas e as ortigas simbolizan os "aguillóns" que emerxen das profundidades do mar e a propia toponimia do Cabo Ortegal.

Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes

En canto aos símbolos do Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes (A Coruña), a bandeira, en pano verde, ten un carballo amarelo froitado de sete landras vermellas. O seu escudo, en tamén en campo verde, presenta unha ponte dourada de sete ollos a dúas augas, sobre ondas de prata e azul e cun carballo dourado e froitado de landras vermellas na parte superior. Ao timbre, coroa real pechada. Nestes símbolos, a ponte cos sete ollos é símbolo da unión dos sete concellos que conforman a Mancomunidade; as ondas ao río Tambre e os seus afluentes e a cor verde e o carballo dourado lembran a súa riqueza forestal, agrícola e gandeira. As landras, novamente falan de cada un dos sete termos municipais.

Bandeiras de Coristanco e Nogueira de Ramuín

No consello de hoxe, tamén se aprobaron as bandeiras de Coristanco (A Coruña) e Nogueira de Ramuín (Ourense). A primeira, en pano azul ten unha ponte amarela a dúas augas e de tres ollos sobre ondas de branco e azul e cunha torre tamén amarela acompañada dunha vieira branca a cada lado. A ponte lembra á de Lubión, pola que pasaba a vía romana Per Loca Marítima; as ondas aos ríos Anllóns, Lubiáns e á lagoa de Braña Rubia. Por último, a torre e as vieiras aluden á famosa torre de Nogueira, que estaba baixo a xurisdición do mosteiro de San Paio de Antealtares.

A segunda, en campo verde, presenta unha roda de afiador e paraugueiro de ouro sobre ondas de prata e azul; o borde é azul cargado de nove mitras douradas cunha cruz vermella no seu interior. Ao timbre, coroa real pechada. A cor verde indica a riqueza forestal, onde destaca o castiñeiro e o pintoresco contorno paisaxístico e medioambiental; a roda de afiador e paraugueiro representa a profesión itinerante de afiador, cuxa fama e valía s estendeu desde este municipio a toda Galicia. As ondas de prata e azul simbolizan os ríos Miño e Sil e as nove mitras son as armas heráldicas do Mosteiro de san Estevo de Ribas de Sil, aludindo aos nove santos bispos que se refuxiaron nel.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DO NOVO REPRESENTANTE DOS PAIS E NAIS DE ALUMNOS DO ENSINO PRIVADO NO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

- *A proposta da CONGAPA a representante será María Inés Gómez Otero que substituirá a Xelasio Suárez*

O Consello da Xunta autorizou o nomeamento de María Inés Gómez Otero como nova representante dos pais e nais de alumnos do ensino privado no Consello Galego da Xunta. A designación, efectuada pola Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos (CONGAPA), foi feita para substituír a Xelasio Suárez Santiso.

O cambio de representante vén derivado da entrada dunha nova directiva no Consello Escolar de Galicia, que agora esta presidida polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad.

A duración do mandato de Gómez Otero, segundo a lexislación que rexe os consellos escolares, do 18 de decembro de 1986, será de catro anos, e deberá ser renovada no seu novo posto cada dous anos.

PRETO DE 50.000 PENSIONISTAS GALEGOS BENEFICIARANSE DA PAGA EXTRAORDINARIA DE 200 EUROS ANTES DE QUE REMATE ESTE ANO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece o complemento extraordinario a favor das persoas beneficiarias das Pensións non Contributivas da Seguridade Social (PNCS), das que perciben o Fondo de Asistencia Social (FAS) e das que cobran o Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos (SGIM)*
- *O Goberno galego destinará a esta medida arredor de 10 millóns de euros*
- *As persoas que perciban a axuda deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas na data de entrada en vigor do decreto, ao día seguinte da súa publicación no DOG*
- *Non é necesario solicitar o complemento, xa que o pagamento se realizará de oficio unha vez que a Xunta comprobe na súa base de datos que os posibles beneficiarios cumpren coas dúas condicións*

Preto de 50.000 galegos e galegas beneficiaranse antes do próximo mes de xaneiro dunha paga extraordinaria de 200 euros grazas ao proxecto de decreto autorizado hoxe polo Consello da Xunta polo que se establecen as axudas sociais de carácter extraordinario de 200 euros, correspondentes ao ano 2009.

A paga será a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva; de persoas anciáns e enfermas incapacitadas para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e das persoas que presentan unha minusvalía beneficiarias do Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.

O Goberno galego cumpre así o seu compromiso de que os pensionistas de Galicia cobrarán antes do mes de xaneiro esta paga extraordinaria, xa que entende que estas persoas se atopan nunha situación xeneralizada de precariedade económica, tendo en conta a contía da prestación que perciben e o seu baixo nivel de renda. Desta forma, destinará arredor de 10 millóns de euros a esta medida.

Para optar a estas axudas non é necesario que os beneficiarios presenten ningún tipo de solicitude nin facer ningún trámite adicional, xa que directamente percibirán o complemento extraordinario os que xa estean cobrando as pensións mencionadas. Así, na actualidade máis de 48.000 galegos e galegas beneficiáanse das PNCS, máis de 40 das FAS e preto dun millar SGIM.

Os que perciban estas axudas deberán cumprir dous requisitos: estar en situación de alta en nómina, é dicir ser xa pensionista na data de entrada en vigor do decreto (ao día seguinte da súa publicación no DOG) que vén de autorizar hoxe a Xunta e ter a

residencia habitual en Galicia. Deste xeito, o pagamento realizarase de oficio a todas as persoas beneficiarias que reúnan estes requisitos, para o que se recorrerá á información contida na base de datos da Xunta de Galicia.

O pagamento efectivo farase a través dunha transferencia bancaria na conta corrente onde as persoas beneficiarias teñan domiciliado o recibo ordinario da súa prestación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE DECLARA A ZONA DE ESPECIAL PROTECCIÓN DE AVES NA LIMIA

- *Con esta declaración respectaranse os usos agrarios tradicionais deste territorio do surleste ourensán*
- *A superficie total da ZEPA ascenderá a 6.939 hectáreas, cunha zona periférica de protección de 7.558,6 hectáreas*
- *Galicia conta con 15 lugares que se inclúen na rede ZEPA, cunha extensión total de 94.089 hectáreas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto da Consellería do Medio Rural polo que se declara a Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) da Limia, no surleste da provincia de Ourense. A declaración deste espazo natural como ZEPA leva a súa inclusión directa na rede Natura 2000, co compromiso de establecer medidas de conservación adecuadas para evitar a deterioración dos hábitats destas aves que viven en estado silvestre. Ao tempo, respectaranse os usos agrarios tradicionais da comarca.

Por medio da Resolución do 11 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, someteuse a información pública e audiencia aos interesados o proxecto de decreto de declaración de zona de especial protección das aves de 10.383 hectáreas da comarca da Limia. Formuláronse 6.263 alegacións, e tras seren analizadas e contestadas, optouse por aceptar parcialmente as alegacións e realizar un axuste na súa delimitación. Con estes novos límites, a superficie total da ZEPA "A Limia" será de 6.939 hectáreas, cunha zona periférica de protección de 7.558,6 hectáreas. Esta área periférica está destinada a minimizar impactos sobre os hábitats das especies mediante a aplicación e o fomento de medidas agroambientais e prácticas orientadoras que favorezan a súa conservación.

Finalidade

A declaración do espazo natural da Limia como zona de especial protección para as aves ten por finalidade a protección e conservación do hábitat das aves que viven nesta zona, así como das demais especies migratorias de presenza regular. Preténdese, desta forma, protexer os lugares de reprodución, muda, invernada e descanso relativa á conservación das aves silvestres.

Rede ZEPA en Galicia

A rede de zonas de especiais protección das aves de Galicia está composta por 15 lugares que alcanzan unha superficie total de 94.089 hectáreas. Na actualidade, a Limia presenta unha paisaxe eminentemente agrícola e escasamente forestada, na que dominan os cultivos cerealeiros de secano. Dadas estas condicións, a Consellería

do Medio Rural quere insistir, unha vez máis, en que se respectarán os usos agrarios tradicionais deste territorio.

MEDIO AMBIENTE EXECUTARÁ OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE VAL DE DUBRA POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 300.000 EUROS

- *As parroquias beneficiarias desta actuación son A Igrexa, Rieiro e Campo de Carlexo*
- *A Administración Hidráulica de Galicia financia o 100% das actuacións*
- *O proxecto comprende a mellora de abastecemento e saneamento a través da instalación de tubaxes e construción de ramais*
- *O prazo de execución das obras é de seis meses*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico- financeira da Xunta de Galicia co Concello de Val do Dubra para a execución das obras de saneamento e abastecemento nas poboacións da Igrexa, Rieiro e Campo de Carlexo (Rial) por un importe total de 323.385 euros. A dita actuación está prevista no Plan Hidrolóxico de Galicia, promovido dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cómpre salientar que a colaboración técnico- financeira do Goberno Galego con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias lle corresponde á Administración Hidráulica de Galicia, que financia o 100% das accións na maioría dos casos para sufragar a escasa capacidade financeira dos concellos.

Obras que se van realizar

As actuacións no citado municipio coruñés centraranse fundamentalmente na ampliación das redes de abastecemento e saneamento locais. Así, levarase a cabo a proxección de 3.840 metros de tubaxe para o abastecemento e a instalación de 4.960 metros de tubos de PVC para completar a mellora de saneamento. Ademais, inclúese no proxecto a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

A rede de saneamento, ademais dos tramos coincidentes coa rede de abastecemento ten dous ramais máis, sendo un deles o que conduce as augas á rede existente.

As actuacións que se levarán a cabo no concello de Val de Dubra benefician unha poboación que ascende a 157 habitantes.

O prazo de execución establecido para as ditas obras é de seis meses.

A XUNTA INVISTE 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DE ESTRADAS MUNICIPAIS DE LOUSAME PARA FAVORECER A CONEXIÓN DO CONCELLO COA VÍA DE ALTAS PRESTACIÓNS BRIÓN-NOIA E A VARIANTE DE NOIA

- *O proxecto centrarase na realización de actuacións de ampliación e mellora de pavimentación e sinalización vertical e horizontal co propósito de proporcionar unha rede viaria eficaz, cómoda e segura*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Lousame para a mellora de estradas no citado concello coruñés.

A Xunta de Galicia inviste un importe total de 1,3 millóns de euros, achega económica distribuída en tres anualidades: no presente ano, achegaranse 1.000 euros; no 2010, 300.000 euros; e no 2011, os restantes 999.000 euros.

Este investimento está ligado á construción da variante de Noia, que a Xunta está a impulsar nestes momentos, e responde ao compromiso do Goberno galego de complementar esta actuación a través da mellora das estradas municipais de Lousame para conectalas dun xeito rápido e seguro coa vía de altas prestacións Brión-Noia e a variante de Noia, así como coa vía da Deputación Noia-Boiro.

Este financiamento está enmarcado no programa de colaboración técnico- financeiro que a Xunta leva a cabo coas entidade locais galegas. Así, os municipios que non dispoñen dos orzamentos precisos para a dotación de infraestruturas contan coa colaboración do Goberno Galego.

Actuacións na rede viaria

O departamento que dirixe Agustín Hernández pretende completar a mellora global das infraestruturas viarias na comarca de Noia, estudando unha serie de actuacións na rede de estradas, abranguendo amplas zonas do Concello de Lousame.

As obras que se realizarán consisten na ampliación, mellora, pavimentación e sinalización vertical e horizontal en estradas locais no traxecto comprendido entre Portobravo e Tállara. Todos estes proxectos suporán unha mellora substancial nas comunicacións da área de Noia e o seu contorno, facilitando tamén a conexión coa Vía de Altas Prestacións (VAP) Brión-Noia.

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos primordiais a mellora da rede viaria en Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcionan aos usuarios unhas

estradas eficaces, cómodas e seguras. Así, facilitarase o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións municipais e intermunicipais, na procura dun desenvolvemento harmónico.

A consideración de accesoriade ou complementariedade é o que permite á Xunta apreciar a viabilidade da achega económica na execución das citadas accións. Neste contexto, o Goberno Galego en colaboración co Concello de Lousame tenta fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, proporcionando unha maior calidade de vida e desenvolvemento aos seus cidadáns.

Obrigas

Por unha parte, a Xunta debe aprobar os documentos técnicos relativos ás actuacións previstas e financiar as obras, así como inspeccionar o proxecto tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Por outra banda, o Concello de Lousame comprométese a achegar a documentación precisa, constatar a dispoñibilidade dos terreos necesarios, xestionar a obtención de autorizacións e asumir o mantemento e conservación das obras, unha vez rematadas.

Cómpre sinalar que se creará unha Comisión de Seguimento formada por un representante da Consellería e outro do concello. Entre as súas funcións, destaca o impulso e avaliación do cumprimento do presente convenio e a proposición de solucións a posibles controversias que puideran xurdir ao longo da execución do proxecto.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 800.000 EUROS NA AMPLIACIÓN DO PROXECTO TERRA NOS CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 2010 E 2013

- *A Xunta colabora co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), organismo que tamén achegará 120.000 euros á nova etapa*
- *Proxecto Terra tenta sensibilizar ao alumnado no eido da ordenación, planificación e intervención das actividades humanas sobre o territorio*
- *O programa propón novas actividades como visitas guiadas de arquitectura, intercambios territoriais, formación do profesorado ou participación en certames multimedia*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Goberno Galego e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) co fin de levar a cabo a ampliación do Proxecto Terra nos centros escolares galegos no período 2010- 2013.

O obxectivo do dito convenio é a adaptación dos materiais do citado proxecto educativo para os centros de educación infantil e primaria (CEIP) e para os centros públicos integrados (CPI). Cómpre salientar que esta colaboración tentará manter, actualizar e ampliar a oferta de actividades que se están a realizar nos colexios dende o 2003.

O orzamento do convenio para a etapa 2010-2013 é de 920.000 euros, dos que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegará 800.000 euros repartidos en catro anualidades, supoñendo 200.000 por exercicio. O COAG financiará os restantes 120.000 euros, tamén distribuídos en catro anos, significando 30.000 euros por cada exercicio.

Con esta achega, o investimento da Xunta no Proxecto Terra ascende a 1.489.500 euros, xa que dende o ano 2006 ata o presente 2009 se achegou un importe de 689.500 euros.

Proxecto Terra

O programa céntrase na difusión dunha clara e actualizada proposta de achegamento ao feito arquitectónico e territorial, reflexionando sobre todas aquelas actuacións executadas para acadar mellores condicións de vida. As actividades demostran ao alumnado que a calidade dos espazos e lugares nos que se habita son o resultado da interacción co medio ao longo do tempo, ollándose pegadas do pasado e tamén do presente.

Proxecto Terra, seguindo un acordo entre a Xunta e COAG, organiza accións educativas e de divulgación que acadaron ao longo destes últimos anos unha significativa presenza na sociedade, contribuíndo á sensibilización da poboación no eido da ordenación, planificación e intervención das actividades humanas sobre o territorio.

Os centros escolares disporán de unidades didácticas e materiais de apoio adecuados a cada etapa educativa, facilitando a contextualización dos contidos previstos sobre ambiente e territorio. Ademais, o profesorado poderá asistir a xornadas de formación que permitirán unha difusión máis produtiva nas aulas.

O citado proxecto educativo programa a organización e difusión de visitas guiadas de arquitectura. Así, dentro de cada provincia ofertaranse aos centros de educación secundaria visitas que acheguen ao alumnado á arquitectura contemporánea máis representativa do noso país.

Por outra parte, tamén se propoñen intercambios territoriais que teñen por obxecto que os estudantes sexan conscientes da diversidade do noso territorio, contribuíndo a que o máis próximo non resulte moitas veces descoñecido. As distintas escalas de asentamento -parroquia, aldea, vila, cidade, metrópole- e as súas respectivas evolucións ao longo do tempo serán obxecto de estudo reforzado coa presenza dos alumnos no lugar. Estes intercambios tamén se adaptarán ao alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria.

Finalmente, poñerase en marcha un certame multimedia co fin de que o alumnado poida plasmar nun documento audiovisual a súa visión persoal sobre os espazos que habitamos, así como compartir experiencias e coñecementos a través da web.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTOS DAS ESTRADAS PONTECALDELAS-FORZÁNS E CARITEL-A LAMA

- *Este proceso ven motivado polas carencias e deficiencias desta estrada, xa que se trata dunha vía cun trazado moi antigo e sinuoso, cunha alta sinistralidade*
- *O Goberno galego cre que estas circunstancias obrigan a unha actuación, co fin de preservar a seguridade tanto dos automobilistas como dos peóns*
- *Nesta área estase a realizar un investimento de máis de 22 millóns de euros na mellora de varias vías*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou un investimento de máis de 10 millóns de euros nas obras de acondicionamento das estradas PO-255, entre as localidades de Pontecaldelas e Forzáns, vía pertencente a Rede Primaria Complementaria, e Caritel-A Lama (PO-241), tramo incluído na Rede secundaria da Xunta de Galicia.

Estas actuacións xa foron declaradas de utilidade pública no Consello da Xunta do pasado 21 de maio deste mesmo ano, trámite previo á ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución do proxecto de mellora da vía antes nomeada. Este proceso vén motivado polas carencias e deficiencias desta estrada, xa que se trata dunha vía cun trazado moi antigo e sinuoso, que provoca unha sinistralidade elevada.

O Goberno galego cre que estas circunstancias obrigan a unha actuación, co fin de preservar a seguridade tanto dos automobilistas como dos peóns.

Características técnicas

As obras afectarán un total de 9,5 quilómetros entre os municipios de Pontecaldelas e A Lama, polo que beneficiará dun xeito directo a unhas 10.000 persoas. Ademais, con esta actuación, mellóranse as comunicacións viarias co centro penitenciario da Lama e a súa conexión cos centros de administración de Xustiza.

Nesta infraestrutura realizarase unha escavación de algo máis de 95.000 metros cúbicos de terra; e 203.737 metros cúbicos de terraplén. Levaranse a cabo dúas glorietas en intersección, situadas en Caritel e Forzáns; a urbanización e reposición de servizos públicos; a restauración paisaxística; a drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización e balizamento. Ademais da ordenación ecolóxica estética; a xestión de residuos e a seguridade e saúde. A realización deste proxecto obrigará á expropiación de 328 predios afectados.

Estas estradas teñen diferente tipos de eixe e nelas levaranse a cabo carrís de 3,5 metros de ancho e beiravías dun metro, aínda que estes variarán de un a dous segundo o largo da vía. A velocidade deste proxecto irá dende os 50 aos 60 quilómetros por hora.

As obras comezarán no primeiro trimestre de 2010 e estarán rematadas a finais do ano 2012 e terán un custo total de máis de 10,6 millóns de euros, dividido en tres anualidades.



Obras por máis de 22 millóns de euros

A Xunta leva investido nesta área máis de 22 millóns de euros no total dos distintos tramos.

As actuacións antes mencionadas súmanse outras obras nesta zona como é o tramo comprendido entre Fornelos de Montes e Forzans (PO-250), xa inaugurada e en servizo, e da estrada PO-235 no treito Carballedo-A Lama e que teñen previsto o seu remate a finais deste mesmo ano e que conta cun orzamento superior aos dous millóns de euros.

Por outra banda, e, en relación as obras do treito comprendido entre Fornelos de Montes e Forzans, os traballos contaron cun investimento de máis de 8 millóns de

euros e están a beneficiar, dun xeito directo, aos máis de 14.500 veciños dos concellos de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Pontecaldelas e A Lama

Esta actuación tivo como principal obxectivo alargar e mellorar o trazado da estrada co fin de aumentar a súa capacidade e incrementar os parámetros de seguridade viaria.

AUGAS DE GALICIA EXECUTARÁ AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO AO MORRAZO DENDE VIGO POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 7,3 MILLÓNS DE EUROS

- *As actuacións céntranse na construción dunha nova liña de abastecemento dividida en dous treitos: un terrestre e un submarino*
- *O proxecto beneficia a preto de 57.000 habitantes distribuídos entre as poboacións de Cangas, Bueu e Moaña*
- *Está previsto que as obras comecen no segundo trimestre de 2010, cun prezo de execución de 15 meses*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico- financeira da Xunta de Galicia co Concello de Moaña para a execución das obras de ampliación do abastecemento ao Morrazo dende Vigo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financia o 100% das actuacións, supoñendo un achegamento de 7.327.901 euros. O dito importe será distribuído en dúas anualidades: en 2010, 3.327.901 euros e en 2011, 4 millóns de euros.

O proxecto céntrase na mellora da subministración ao Morrazo, co desdoblamento da tubaxe dende o depósito de O Casal, en Vigo, ampliando así a rede de abastecemento debido ao incremento de poboación constatado. Está previsto que as obras comecen no segundo trimestre de 2010

Unha liña de abastecemento con dous treitos

A nova liña de subministración ao Morrazo divídese en dous treitos para un caudal de 153 litros/segundo: treito terrestre e submarino.

Por unha parte, o treito terrestre consta dunha tubaxe que parte do depósito xeral de Vigo, situado no Casal, e descende co fin de entrar na ría de Vigo, concretamente na zona do Corno, con 2.590 metros de lonxitude. A continuación, a tubaxe sae e ascende ata o depósito de Ameixonada, en Moaña, con outros 2.760 metros. A baixada ao mar presenta un desnivel de 25 metros aproximadamente, motivo polo que a tubaría contará cunha envoltura de formigón. Este proxecto disporá de válvulas de comporta de accionamento manual para obter un seccionamento da tubaxe en lonxitudes inferiores a un quilómetro. Tamén cabe a posibilidade de derivar o caudal circulante sobre a conducción existente en varios puntos co fin de non interromper a subministración en caso de avaría.

Por outra parte, o treito submarino está integrado por unha tubaxe soldada por termofusión en terra en tramos de 300 metros. A tubaxe está remolcada e somerxida, soterrada en gabia cunha capa de area de 1,5 metros de altura, trazado rectilíneo en planta de 3.450 metros e lastros de formigón armado en toda a súa lonxitude cada 2,5 metros con forma de anel. Ademais, colocaranse lastros adicionais dende a cota de baixamar ata a cota situada a -10 metros da rasante da tubaxe. Nos treitos afectados pola carreira de marea, a tubaxe envolverase nun dado de formigón. Nas áreas onde aflore rocha a menos de 2 metros do substrato areoso do fondo da ría, a tubaxe irá somerxida en formigón, bombeando dende terra ou vertendo dende draga.

O citado proxecto tamén recolle a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

A ampliación do abastecemento ao Morrazo dende Vigo beneficiará a poboación de Bueu, Cangas e Moaña, significando un total de 56.969 habitantes.

O prazo de execución establecido para a realización das obras de abastecemento é de 15 meses.

O GOBERNO GALEGO RESCINDE, POR MUTUO ACORDO, O CONTRATO DE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE CARBALLO-BERDOIAS

- *O Consello da Xunta aprobou na reunión desta mañá o acordo polo que se rescinde a relación contractual coa agrupación formada por Ferrovial Agroman, S.A e Construcións Taboada e Ramos, S.L*
- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pagará un total de 4,1 millóns de euros por mor dos gastos derivados da expropiación dos terreos e da adquisición dos proxectos construtivos*
- *A Xunta de Galicia está a ultimar os pasos necesarios para licitar novamente esta obra no menor prazo posible, tal e como manifestou o conselleiro Hernández en repetidas ocasións*
- *A rescisión do contrato, por mutuo acordo, permite á Xunta dispoñer do proxecto construtivo -realizado pola empresa concesionaria- que xa conta cos permisos sectoriais correspondentes. Isto permitirá axilizar a licitación e comezar as obras de maneira inmediata*

O Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rescindirán, por mutuo acordo, o contrato de concesión de obra pública –asinado o pasado 16 de xuño de 2008- para a construción e explotación da vía de alta capacidade Carballo-Berdoias. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza ao departamento dirixido por Agustín Hernández a finalizar a relación contractual coa agrupación formada por Ferrovial Agroman, S.A e Construcións Taboada e Ramos, S.L.

Cómpre sinalar que unha vez producida a autorización do Consello da Xunta procederase, por parte da Consellería, a resolver o contrato administrativo de concesión de obra pública e iniciar de inmediato a nova licitación, tal e como vén manifestado Hernández desde que tivo coñecemento da situación desta infraestrutura.

De conformidade coa normativa reflectida no prego que rexía a contratación a Administración galega deberá aboarlle á sociedade concesionaria un total de 4.179.088 euros, importe do valor patrimonial dos investimentos realizados na vía de alta capacidade. Así, a Xunta aboará un orzamento de 1.967.861 de euros, derivado dos gastos necesarios para levar a cabo a expropiación de terreos; mentres que 2,2 millóns de euros financiarán os traballos de execución de obra (movementos de terra, rozas, toma de auga e prospeccións arqueolóxicas que implicaron un custo de 89.102 euros) e de adquisicións dos proxectos construtivos, cuxo valor foi 2,1 millóns de euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández toma esta decisión despois de que a empresa manifestara aos responsables da Consellería, a través dun escrito, no que se informaba de que a grave situación financeira dos mercados bancarios imposibilitáballes dar cumprimento á obriga de presentación do plan económico financeiro e, polo tanto, solicitaba o inicio do procedemento de resolución do contrato por mutuo acordo.

Non obstante, o actual responsable de infraestruturas viarias da Xunta de Galicia garantiu -dende o primeiro momento no que coñeceu a situación desta infraestrutura- que o seu departamento traballaba no desbloqueo desta situación con absoluta prioridade dar unha solución a este problema. Como mostra da preocupación para que a obra sexa unha realidade o antes posible, a Consellería está a ultimar os pasos necesarios para licitar novamente esta obra no menor prazo posible. A previsión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é licitar esta actuación imprescindible para a Costa da Morte antes de que remate o ano.

O departamento que dirixe Hernández está convencido do cumprimento deste prazo, xa que o proxecto está redactado, conta cos permisos ambientais pertinentes, como a declaración de impacto ambiental, e cos permisos construtivos en regra e vigor. Deste xeito poderase axilizar o proceso de licitación e inicio de obras da vía de alta capacidade Carballo-Berdoias.

Antecedentes

O pasado 25 de xuño de 2007, o anterior equipo responsable das infraestruturas na Comunidade acordou a iniciación do expediente de contratación da concesión de obra pública da *nova infraestrutura viaria Costa da Morte. Vía de alta capacidade Carballo-Berdoias*.

Posteriormente, en xullo de 2007, o Consello da Xunta adoptou o acordo de autorización do gasto e, con data do 6 de xullo, aprobouse o expediente de contratación e acordouse a apertura do procedemento de adxudicación mediante un concurso de procedemento aberto.

Finalmente o contrato foi adxudicado á agrupación Ferrovia Agroman, S.A e Construcións Taboada e Ramos, S.L, que constituíron unha sociedade anónima baixo o nome Sociedade Concesionaria de Baio, S.A.

Cómpre sinalar que os anteriores responsables era coñecedores dos graves problemas de financiamento, e aínda así decidiron colocar a primeira pedra da infraestrutura o 22 de decembro de 2008, a sabendas de que as obras non podían iniciarse e, en consecuencia, enganando a todos os cidadáns da Costa da Morte.

A sociedade concesionaria, logo de repetidas prórrogas solicitadas para elaborar o Plan Económico e Financeiro da obra (PEF), presentou o 16 de abril de 2009 un escrito ante o anterior departamento responsable de infraestruturas no que se requiría o reequilibrio do contrato concesional debido a que as condicións que impoñían os bancos facían inasumible abordar o proxecto. O desfase, segundo a empresa, ascende a 40 millóns de euros.

A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO FONTESILVA COMO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe aprobar definitivamente como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal o proxecto de parque eólico denominado Fontesilva, nos concellos de Santa Comba e Coristanco, ambos na provincia da Coruña.

Deste xeito, o Executivo galego, por proposta da Consellería e Economía e Industria, autoriza a aprobación do devandito parque eólico, promovido por Desenvolvemento Eólicos SL, como proxecto sectorial de incidencia municipal.

Neste proxecto, a potencia que se vai instalar neste parque será de 21,6 Mw, cun número total de 12 aerogeradores, do tipo Vestas V-9, cunha potencia nominal unitaria de 1.800 KW, un diámetro de rotor de 90 metros e unha altura da torre de 80 metros.

Ademais, segundo as características técnicas do parque eólico de Fontesilva a produción neta anual tense estimado en 66.940 Mwh/ano, mentres que o orzamento total se sitúa nos 21,7 millóns de euros.

ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COMERCIO EXTERIOR DA MAN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da XIX edición do Máster de Dirección e Xestión do Comercio Exterior, que suporá unha achega total de case 90.000 euros por parte do departamento que dirixe Javier Guerra Fernández.

O Goberno da Xunta, a través da Consellería de Economía e Industria, é consciente de que nun contexto de grande dinamismo e complexidade, a formación eríxese como un factor estratéxico fundamental na posición competitiva das empresas galegas, que requiren, con maior présa, un equipo humano capacitado e preparado para operar con garantías de éxito nos mercados internacionais.

A Consellería de Economía e Industria, que xunto coa USC, considera de vital importancia a formación neste sentido, colaborará co desenvolvemento deste Máster durante os anos 2009 e 2010 para contribuír á competitividade dos recursos humanos de Galicia, dotándolles do grao de especialización e capacidade necesaria para xerar aptitudes empresariais dinámicas e emprendedoras no eido internacional.

A XUNTA APOIA A CONSTRUCIÓN DUNHA INFRAESTRUTURA GASISTA DESTINADA AO AUTOABASTECIMENTO DA PLANTA DE ALCOA PARA REDUCIR AS EMISIÓNS DE CO2 EN MÁIS DUN 25%

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a empresa Alúmina Española SA e Aluminio Español SA, en virtude do cal a Consellería de Economía e Industria apoia a construción dunha infraestrutura gasista na planta de Alcoa, en San Cibrao (Lugo), que permitirá o autoabastecemento desta industria de xeito que, a través da substitución da enerxía procedente do fueloil por gas natural, se acaden unhas diminucións das emisións de CO2 á atmosfera superiores ao 25%.

O obxectivo último deste convenio é crear os incentivos necesarios para que, no marco da estratexia europea definida en Lisboa, poidan acadarse as metas de reducir a contaminación e outros efectos negativos sobre o ambiente mediante a substitución da enerxía procedente do fueloil por gas natural.

A Xunta de Galicia ten como obxectivo, dentro da súa planificación enerxética, incentivar as iniciativas necesarias que teñan a finalidade de garantir a subministración de gas natural ao maior número de centros industriais galegos.

De xeito que, con este acordo, a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección de Industria, Enerxía e Minas, tamén pretende impulsar a axilización das xestións do Goberno central de cara á realización do gasoduto da Mariña, que permitirá atender a demanda tanto das industrias, como dos núcleos de poboación do contorno, que abranguen a máis de 60.000 habitantes.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EDUCACIÓN E A FEGAMP PARA ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- *A Consellería de Educación destina máis de 600.000 euros para desenvolver actividades para os traballadores da Administración*
- *A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística organizaranse actividades e programas de dinamización do galego*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para realizar actividades en materia de normalización lingüística. O investimento será dun máximo de 602.662 euros, correspondentes á partida dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os asinantes do acordo comprométense a impulsar o proceso de incorporar o galego como principal lingua de traballo e comunicación dos traballadores no seo da Administración local e provincial. Deste xeito búscase que o galego sexa a lingua xeral de referencia entre o funcionariado, e para lograr isto será preciso mellorar, reforzar e autorizar os recursos destinados a esas administracións. Unha mellora das técnicas servirá para que os traballadores se poidan desenvolver con maior eficacia no seu traballo no idioma galego, do mesmo modo que se mellorará a súa capacidade lingüística. Todo isto, xunto aos programas de dinamización da lingua, servirá para consolidar o proceso normalizador no funcionamento das entidades locais.

O convenio é de grande interese para a Secretaría Xeral de Política Lingüística, xa que con el se cumpren os obxectivos da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galego encamiñados a aumentar o uso da lingua a partir do seu emprego no ámbito das entidades locais.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE DEDICARÁ 80.000 EUROS A ACTUACIÓNS PARA FOMENTAR A LACTACIÓN MATERNA

- *Para tal efecto asinará un convenio de colaboración coa Federación Galega de Asociacións de Apoio á lactación (FEDEGALMA)*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Federación Galega de Asociacións de Apoio á Lactación Materna para protexer, promover e apoiar a lactación para o que destinará un total de 80.000 euros.

A realización deste convenio permitirá coñecer a situación da lactación materna en Galicia, mediante a realización de estudos sobre o inicio e mantemento desta; tamén facilitar información actualizada e veraz sobre os beneficios desta práctica tanto ás mulleres embarazadas e lactantes, como a profesionais sanitarios, educadores e á poboación en xeral; e tamén fomentará o inicio e mantemento da lactación seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e UNICEF.

En concreto, Fedegalma, que está formada por dez asociacións de ámbito galego, promoverá e organizará actividades e programas de fomento neste eido, e tamén realizará cursos de capacitación en consello para monitoras e profesionais da saúde e da educación.

Outras das actividades acordadas no marco desta colaboración será a de crear centros de recursos, realizar traballos de investigación e editar publicacións específicas, así como outras iniciativas encamiñadas a dar apoio ás persoas, grupos, asociacións e entidades interesadas na lactación materna; así como mellorar o apoio e axuda ás mulleres que desexen aleitar.

APROBADO O CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O MINISTERIO DE CULTURA PARA A MELLORA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS GALEGAS CUN INVESTIMENTO DE 1.200.000 EUROS

- *En virtude do convenio o Ministerio de Cultura achegará a cantidade da axuda á Consellería para a distribución do gasto entre as Bibliotecas Públicas do Estado de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e a Consellería de Cultura e Turismo para a distribución do crédito para a adquisición de equipamento para a mellora das bibliotecas públicas cun investimento de 1.200.000 euros. O convenio, co fin de potenciar as condicións das bibliotecas públicas, establece unha liña de axudas que permita afrontar debidamente o desafío que no contorno da lectura pública supón as novas necesidades de estruturación e equipamento que será impartida en dúas aplicacións orzamentarias e vixente ata o 31 de decembro de 2009.

A autorización deste convenio prodúcese no ámbito das competencias de Ministerio e Consellería da promoción e tutela do acceso á cultura, -á que todos teñen dereito- e da divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máis posible o patrimonio cultural galego á sociedade en xeral. O Ministerio de Cultura e Turismo financiará a mellora das Bibliotecas Públicas do Estado, a través da Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas e a Consellería de Cultura e Turismo, distribuirá o gasto en función das necesidades de actualización de cada biblioteca pública procurando chegar a todas elas, sen supor gasto económico ningún para a Consellería.

Os cambios sociais e tecnolóxicos sufridos nos últimos anos orixinaron unha transformación radical nos hábitos de consulta e uso das bibliotecas e fixeron obsoletas as estruturas de equipamento vixentes nos anos que foron inauguradas a gran maioría das actuais Bibliotecas Públicas do Estado en Galicia. Varios elementos incidiron de forma especial: xeneralización do acceso directo, introdución do préstamo de materiais especiais (audio, vídeo, electrónico, etc...) que requiren equipamento específico, a substitución paulatina da referencia impresa pola electrónica, o desenvolvemento de novas formas de flexibilización e utilización de espazos, a aparición de novas seccións como a do cómic e o desenvolvemento doutras como as infantís, as audiovisuais e as destinadas á animación.

UN TOTAL DE 25 ALUMNOS PARTICIPARÁN NO MÁSTER DE CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN NA EMPRESA, FINANCIADO POR TRABALLO CON 90.000 EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería e a Universidade de Vigo*
- *A segunda edición deste curso especializado, no que poderán participar un máximo de 25 alumnos, desenvolverase no curso académico 2009-2010 no campus de Ourense*
- *O obxectivo da iniciativa é achegar aos universitarios o mundo empresarial, estimular o seu espírito emprendedor e apoiar a posta en marcha dos seus proxectos*

O Consello da Xunta, que tivo lugar hoxe en Santiago vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Vigo para realización da segunda edición do Máster en Creación, Dirección e Innovación na empresa no curso académico 2009-2010.

Para levar a cabo esta iniciativa, o Goberno galego achegará un total de 90.000 euros repartidos en dúas achegas de 45.000 euros este ano e o próximo.

O principal obxectivo do máster, que terá lugar na Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo do campus de Ourense da Universidade de Vigo, é achegar aos universitarios e universitarias o máis fielmente posible o mundo empresarial, estimular o seu espírito emprendedor e apoiar a posta en marcha dos seus proxectos.

O máster constitúe un título oficial propio que unicamente oferta, no ámbito académico da Comunidade Autónoma de Galicia, a Universidade de Vigo, unha circunstancia que motiva que sexa a única institución capacitada para o seu desenvolvemento.

A acción formativa irá dirixida á formación integral de especialistas en ámbitos relativos á creación de empresas, a xestión da innovación, a tecnoloxía e calidade na empresa e a xestión empresarial. A finalidade é proporcionar unha visión global e estratéxica das empresas e das características das contornas en que estas desenvolven a súa actividade.

A iniciativa, na que poderán participar un máximo de 25 alumnos, vai dirixida a dos colectivos: licenciados en Administración e Dirección de Empresas, en Economía, Enxeñeiros Industriais, en Organización Industrial ou en calquera outra titulación

oficial equivalente; e tamén poderán acceder ao curso especializado enxeñeiros superiores e técnicos, arquitectos superiores e técnicos, diplomados e graduados.

TRABALLO FINANCIA 60 ACCIÓNS DE APOIO Á FORMACIÓN PARA OPTIMIZAR OS RECURSOS DAS EMPRESAS CON MÁIS DE 3,6 MILLÓNS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que ten como obxecto regular a convocatoria destas axudas*
- *Poderán solicitar as subvencións as empresas e entidades ou organizacións sen ánimo de lucro inscritas na Seguridade Social e que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades relacionadas coa formación para o emprego*

A Xunta de Galicia destinará máis de 3,6 millóns de euros ao financiamento de 60 accións de apoio á formación dos traballadores. O Consello da Xunta que tivo lugar hoxe en Santiago deu o visto e prace á orde que ten como obxecto a aprobación da convocatoria de subvencións dirixidas a este fin.

Poderán ser solicitantes destas axudas as empresas e entidades ou organizacións sen ánimo de lucro inscritas na Seguridade Social que inclúan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades relacionadas coa formación para o emprego.

O financiamento total das axudas previstas nesta orde é de 1.681.716 euros para entidades sen ánimo de lucro e 1.945.000 euros para empresas.

En concreto, as axudas están dirixidas a tres tipos de iniciativas: a accións de prospección e análise, á elaboración de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador para a mellora da formación profesional para o emprego e a accións de avaliación da formación profesional.

As tres liñas de accións

As actividades de análise son fundamentalmente estudos que desenvolven as empresas co obxectivo de afondar no coñecemento das demandas de formación e dos problemas e necesidades específicas dos seus traballadores. O obxectivo é poder anticiparse aos cambios nas cualificacións profesionais e adaptar os módulos formativos de acordo co que se estableza na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade, unha vez que a propia Xunta de Galicia analiza os devanditos estudos.

As accións para desenvolver ferramentas de carácter innovador están destinadas a facilitar ás empresas e aos distintos axentes que participan na xestión de formación dos traballadores desempregados e ocupados os instrumentos que lles permitan mellorar a súa organización, planificación e desenvolvemento. Así, poderán realizarse, por exemplo, novas aplicacións informáticas. De feito, terán especial consideración as

accións baseadas en novas tecnoloxías de información e comunicación que estendan a formación aos traballadores de pequenas empresas.

A terceira liña de acción está destinada a crear metodoloxías e ferramentas de avaliación para que poidan ser aplicados por quen participa e xestiona a formación, co fin de mellorar a súa calidade.

A XUNTA SOLUCIONA O PARÓN DA ACUICULTURA E APROBA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA PARA A PRIMEIRA GRANXA MARIÑA DE ORELLA DE MAR DE GALICIA

- *A Consellería do Mar achegará máis de 3 millóns de euros para o proxecto de Galician Marine Acuiculture S.L.*
- *A través dunha tecnoloxía innovadora e de protección do ambiente no criadeiro cultivaranse dúas especies destinadas á exportación*
- *O produto cultivado exportarase principalmente aos países asiáticos, onde se consume máis do 80% da oferta mundial de orella de mar*

O Consello da Xunta aprobou a concesión dunha axuda económica de 3.503.250,59 € por parte da Consellería do Mar á empresa Galician Marine Acuiculture S.L. para a posta en marcha da primeira granxa de cultivo de orella de mar en Galicia, que estará situada en Muros.

A axuda, que se distribuirá ao longo de 2009, 2010 e 2011, desagrégase en dúas vías. Por unha banda 17.160 euros destinados á implantación dun Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambientais (EMAS) e por outra, os restantes 3.486.090,59 euros diríxense ao 60% do investimento elixible do investimento produtivo. Con esta concesión Galicia contará co primeiro criadeiro de orella de mar, que inclúe o Plan Galego de Acuicultura, para a produción de semente, preengorda e engorda de dúas variedades de orella de mar, *Haliotis tuberculata* e *Haliotis discus hannai*, esta última especie alóctona en Galicia.

O cultivo destas especies destinarase á exportación e realizarase a través dunha tecnoloxía innovadora e de protección do medio ambiente. O sistema que se utilizará consiste na recirculación con filtración e tratamento do efluente que tenta reducir ao mínimo a liberación de gametos, larvas, xuvenís ou adultos. Finalmente o produto exportarase vivo ou en formato conxelado IQF con cuncha principalmente aos países asiáticos, onde se consume máis do 80% da oferta mundial de orella de mar.

A Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica certificou o cumprimento dos requisitos da empresa solicitante da subvención, ao abeiro da orde do DOG do 17 de febreiro de 2009, onde están publicadas as bases reguladoras da concesión deste tipo de axudas aos investimentos no ámbito da acuicultura, en réxime de concorrencia competitiva, e cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca.

Con esta achega dáse saída ao parón producido na acuicultura galega por espazo de máis de cinco anos eponse en marcha o Plan de Acuicultura logo dun proceso que levou á Consellería do Mar a reformular varios dos seus aspectos para adaptalos ao

criterio de equilibrio económico, social e ambiental do desenvolvemento da acuicultura en Galicia.

A XUNTA SUBVENCIONARÁ A CONSTRUCIÓN DUNHA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE OMEGA-3 POR TÉCNICA DE FRÍO

- *A Consellería do Mar achegará preto de 4 millóns de euros para o proxecto de Biomega Nutrición S.L.*
- *Con estas axudas Mar pretende favorecer o desenvolvemento das industrias de transformación e comercialización de produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura*
- *Para a concesión valóranse os investimentos en activos fixos materiais novos para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a concesión dunha axuda económica de 3.956.488,82 euros por parte da Consellería do Mar a Biomega Nutrición SL para a construción dunha planta de produción de omega-3 por nova técnica de frío en Boiro.

A axuda distribuirase entre 2009 e 2010 para exercicios correntes e futuros e correspóndese co 60% do investimento elixible. Este tipo de axudas, concedidas pola Consellería do Mar, ao abeiro da orde do 12 de febreiro de 2009 do DOG número 36 e cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, teñen como obxectivo favorecer o desenvolvemento das industrias de transformación e comercialización de produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura e potenciar a súa competitividade no mercado internacional.

Polo tanto son obxecto destas subvencións os investimentos en activos fixos materiais novos para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia e destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura e que pretendan, deste xeito, a mellora das condicións de traballo, das condicións hixiénicas e de saúde pública ou da calidade dos produtos.

Outros dos proxectos susceptibles de subvención son os que teñen como obxectivo obter produtos de alta calidade para mercados especializados, a redución do impacto negativo do medio ambiente e a mellor utilización de especies pouco aproveitadas, subprodutos e residuos. A produción e comercialización de novos produtos, a aplicación de novas tecnoloxías, o desenvolvemento de métodos innovadores neste eido e a comercialización de produtos procedentes dos desembarques locais e da acuicultura tamén son obxectivo destas axudas.

Neste sentido, unha das preocupacións da Consellería do Mar é o apoio á cadea mar-industria a especialización e integración, así coma o desenvolvemento do I+D+i e a diferenciación dos produtos galegos. Para iso destina axudas ao avance e definición

de estruturas de comercialización coa finalidade de favorecer a actividade dos profesionais e das empresas deste sector.

A CONSELLERÍA DO MAR DESTINA 50.000 EUROS PARA SUBVENCIONAR 2 MÁSTERS DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

- *Investiranse 30.000 euros en subvencionar o “II Máster Oficial Interuniversitario en Acuicultura” que se celebrará na Universidade de Santiago*
- *Mar destinará 20.000 euros a subvencionar o “Máster Universitario en Economía, avaliación e xestión do medio mariño e dos recursos pesqueiros” que terá lugar na Universidade de Vigo*

O Consello da Xunta deu o visto e prace á sinatura de dous convenios correspondentes a dous másters que se desenvolverán na Universidade de Santiago e na de Vigo. O primeiro é un acordo entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela, polo que se regulan as condicións nas que se lle concede unha subvención directa para a realización do “II Máster Oficial Interuniversitario en Acuicultura” durante o curso académico 2009/2010. O segundo é un acordo entre o Goberno Autonómico, a través da Consellería do Mar e a Universidade de Vigo, polo que se regulan as condicións nas que se lle concede unha subvención directa para a realización do Máster Universitario en “Economía, avaliación e xestión do medio mariño e dos recursos pesqueiros” no curso 2009/2010.

Máster en Acuicultura

A Consellería do Mar ten como obxecto garantir o seu apoio a aquelas iniciativas que incidan na mellora da formación dos profesionais do sector pesqueiro, no que se atopa inmersa a rama da acuicultura. Dado o interese que supón o “II Máster Oficial Interuniversitario en Acuicultura” para o sector acuícola, a consellería contribuirá tanto na organización coma no financiamento do máster. Para este fin, a Consellería achegará un importe máximo de 30.000 euros, repartidos en dúas anualidades de 15.000 euros cada unha.

O curso de formación está dirixido a profesionais do sector acuícola e licenciados universitarios. Ademais, a Consellería do Mar facilitará a visita dos alumnos a instalacións dependentes da Consellería, sempre con fins didácticos.

Xestión do medio mariño

Dentro dos obxectivos da Consellería do Mar está apoiar tamén todos os factores que axuden a mellorar a formación dos profesionais do sector pesqueiro e a avaliación dos recursos mariños. O “Máster Universitario en Economía, avaliación e xestión do medio mariño e dos recursos pesqueiros” vai dirixido a profesionais do sector pesqueiro, graduados e licenciados universitarios, baixo a responsabilidade académica da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

A Consellería do Mar participará tanto na organización coma no financiamento deste curso de interese para o desenvolvemento do sector pesqueiro.

Para o desenvolvemento deste curso, a Consellería do Mar destinará un máximo de 20.000 euros divididos en dúas anualidades de 10.000 euros cada unha.

SANIDADE DESEÑARÁ UN NOVO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS PARA O INICIO DO 2011

- *En previsión de planificar o novo documento nos próximos meses, prorrogarase durante o vindeiro ano o actual Plan de Drogas 2007-2009*
- *Destinarase case 17 millóns de euros nas actuacións previstas nesta prórroga, inversión que xa se recolle nos orzamentos para o ano 2010*

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde prevén aprobar un Plan de Galicia sobre Drogas revisado e actualizado para o inicio do 2011. Este Plan garantirá o sistema definido para a prevención das drogodependencias, así como a atención e inserción das persoas drogodependentes e adictas a través do Servizo Galego de Saúde e da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.

O novo Plan de Galicia sobre Drogas reflectirá a integración das drogodependencias tal e como recolle o Decreto de Estrutura da Consellería de Sanidade, nas dúas estruturas de xestión de servizos e soportes diferenciados para os programas asistenciais e de reinserción de persoas drogodependentes, ou para os programas de prevención.

Ademais, o cambio na Lei de Subvencións en Galicia supoñerá uns grandes cambios de xestión orzamentaria do novo Plan, que terá mais estabilidade dende o punto de vista financeiro.

Sanidade, en previsión de planificar o novo documento nos próximos meses, considera preciso dotar de suficiente apoio normativo aos convenios que se encontran en vigor e aos que sexa preciso asinar para o ano 2010, e por iso prorrogarase durante o vindeiro ano o actual Plan de Drogas 2007-2009, de tal xeito que a súa vixencia non caduque o 31 de decembro de 2009. Así o presentou esta mañá a conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, nun informe ao Consello da Xunta.

A Consellería investirá un total de 16.987.959 euros nesta prórroga, que se distribúen nas actuacións da área de prevención (3.708.020 euros), na área de asistencia (11.577.816 euros), na área de incorporación social (755.421 euros), na área de formación (221.200 euros), na área de investigación en avaliación (502.746 euros), e na área de coordinación (222.576 euros). Este orzamento xa aparece así incluído no actual Anteproxecto de Orzamentos para o ano 2010 da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN FUNCIONAL DO NOVO HOSPITAL ÚNICO DE PONTEVEDRA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o plan funcional do novo hospital único de Pontevedra que recolle as liñas que seguirá o departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía nesta zona, con 27 concellos que contan cunha poboación de preto de 310.000 habitantes

O novo centro proxectado polo Executivo autonómico será un hospital sostible, ecolóxico e humanizado, no que se prestará especial atención á humanización das áreas materno-infantil, oncolóxica e de coidados paliativos. Tamén será un hospital *sen papeis*, xa que os médicos poderán acceder ás historias dos pacientes ingresados de forma dixital, con ordenadores.

Con este novo edificio preténdese afrontar as demandas asistenciais da poboación, apostando desta maneira por unha estrutura sanitaria de vangarda que dea unha solución definitiva aos múltiples proxectos construídos e modificados ata agora.

Polo tanto, o novo centro contará con 723 camas e vinte quirófanos, e nel farase unha forte aposta pola tecnoloxía diagnóstica e terapéutica e polo dimensionamento da área de urxencias e do bloque cirúrxico. Suporá unha aposta por uns servizos públicos de calidade e eficientes, e cunha xestión totalmente pública.

No que se refire á súa carteira de servizos, contará cunha unidade de urxencias ben dimensionada e cos últimos avances en tecnoloxía diagnóstica e terapéutica, entre os que destacan os servizos de hemodinámica, unidade coronaria, medicina nuclear, cirurxía maxilofacial, radioterapia e UCI neonatal e pediátrica.

O edificio deseñarase con visión de futuro, e capacidade de expansión e crecemento harmónico. Para unha maior comodidade dos seus pacientes, máis do 65% das súas habitacións serán individuais.

Está previsto que nas próximas semanas o Consello da Xunta aprobe o inicio da declaración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Os prazos de execución para súa construción serán sempre inferiores aos previstos para a modificación (66 meses).

A proposta da Xunta é situar este edificio en Monte Carrasco, na parroquia de Marcón, xa que esta é a situación que resulta máis adecuada debido á súa localización e á súa topografía.

Para a súa construción, o anteproxecto dos orzamentos recolle unha reserva de crédito dun millón de euros para continuar avanzando no proxecto do novo hospital o vindeiro ano, un investimento que permitirá iniciar a licitación do proxecto arquitectónico básico

A XUNTA ESTABLECERÁ CONVENIOS DE PATROCINIO PUBLICITARIO CON COMPAÑÍAS AÉREAS DE BAIXO CUSTO PARA ABRIR TRES NOVAS RUTAS INTERNACIONAIS E DÚAS NACIONAIS

- *A repartición dos 4.5 millóns de euros cos que aposta o goberno galego foi realizado con base a indicadores económico-empresariales, de poboación, e turísticos, cun resultado moi equilibrado entre os tres terminais: 1.376.000 para Lavacolla (ao que se suman os 500.000 euros da achega da SA de Xestión do Plan Xacobeo) 1.231.000 para Alvedro e 1.392.000 para Peinador*
- *O mapa de rutas irá acompañado de propostas de promoción turística por 1,3 millóns de euros sen precedentes, nos mercados emisores.*
- *A Xunta propón que o recentemente creado Comité de Rutas teña un forte papel de promoción para atracción de novas rutas e/ou compañías a Galicia*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe sobre os convenios de patrocinio publicitario que serán asinados coas compañías de baixo custo para estimular a xeración de novos tráfico de pasaxeiros en toda Galicia. A Xunta de Galicia ten, ademais, prevista unha campaña adicional co obxectivo de dar a coñecer nos mercados estranxeiros as conexións que existen, en primeiro lugar, pero tamén as excelencias turísticas da nosa comunidade para incentivar as viaxes.

A repartición dos 4.5 millóns de euros cos que aposta o goberno galego foi realizado con base en indicadores económico-empresariales, de poboación, e turísticos, cun resultado moi equilibrado entre os tres terminais: 1.376.000 para Lavacolla (ao que se suman os 500.000 euros da achega da SA do Xacobeo), 1.231.000 para Alvedro e 1.392.000 para Peinador. Con isto, A Coruña e Vigo triplican agora a contía total recibida en 2009 para patrocinio de contratos publicitarios coas aeroliñas de baixo custo.

As cantidade que se achegarán en 2010 supoñen tamén triplicar o investimento realizado para A Coruña en 2008 (300.000 euros), exercicio no que o aeroporto de Vigo non recibiu nada. Do mesmo xeito, con esta nova distribución das axudas Santiago multiplica por 2.5 a achega de 2008 que Incolsa recibiu para low cost.

5 novas rutas

A Xunta pretende asinar convenios de patrocinio publicitarios para as rutas de Lavacolla a Zurich, de Alvedro a Amsterdam e de Peinador a Bruxelas como novos destinos internacionais. Tamén como novos destinos nacionais desde A Coruña a Valencia e desde Vigo a Sevilla.

Deste xeito, tanto A Coruña e Vigo contarán con dúas novas rutas, unha de ámbito internacional e outra nacional.

Pola súa banda, Santiago de Compostela disporá dunha nova ruta a Zurich e asemade a Xunta financiará as tres rutas internacionais xa existentes: Frankfurt, Roma e Londres. Con esta actuación as achegas da Xunta permitirán o acceso directo dende Galicia a seis das nove cidades que contan cos principais aeroportos internacionais de Europa.

Campaña de promoción

Por primeira vez desenvolverase de cara ao Ano Santo 2010 desde a Secretaría Xeral para o Turismo, a través de Turgalicia, unha campaña de comunicación para dar notoriedade ao destino Galicia, que apoie e permita obter un retorno do investimento da Xunta e da aposta das compañías en número de pasaxeiros entrantes. Ademais do investimento global do Goberno galego, destinaranse adicionalmente 1,3 millóns de euros en accións de comunicación nos destinos europeos que conectarán cos aeroportos Galegos e as súas áreas de influencia, co obxectivo de estimular a demanda. O obxectivo destas axudas é aumentar o número de pasaxeiros que utilicen esas aeroliñas de modo que, a medio prazo, resulten rendibles e se poidan financiar nun futuro outras novas conexións.

A Xunta de Galicia considera que, para completar este esforzo investidor e de promoción, o papel vital a xogar agora polo Comité de rutas aéreas é o da promoción para a atracción de novas rutas e/ou compañías.

Con este novo mapa aeroportuario para Galicia, refórzase o acceso das empresas aos mercados e a internacionalización da economía; a calidade de vida para os galegos, a través de mellora da súa mobilidade, as posibilidades de mellorar a porcentaxe de turistas estranxeiros, e o mellor acceso de comunidades galegas no exterior para a viaxe a súa terra.